

III CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Xurdir, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, organiza o **domingo 15 de maio de 2016** a III Carreira Camiño das Letras, cunha proba absoluta desde A Lavacolla ata o Estadio de San Lázaro e cun circuito para as categorías de menores, po los arredores do Estadio. Esta proba, que quere unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago, réxese polo seguinte

REGULAMENTO


1. Data, distancias e horarios

A **III Carreira Camiño das Letras** celebrarase o **domingo 15 de maio de 2016** e constará dunha proba absoluta e doutra para as categorías de menores.

A **proba absoluta** (das categorías júnior/promesa, sénior e veteranos) sairá ás **10.00 horas** desde o tramo da estrada nacional 634, sen tránsito pegado ao aeroporto da Lavacolla, na intersección que leva ao lugar de San Paio, e seguirá un circuito de aproximadamente 11 km ao longo do Camiño de Santiago e ata o Estadio de San Lázaro.

3ª CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Santiago de Compostela, 15 maio de 2016




Na proba de maiores, poderán participar atletas federados e non federados, pero haberá unha soa clasificación conxunta. Os participantes deberán situarse na liña de saída 15 minutos antes da hora prevista pola organización para a saída da carreira. O peche de control da proba realizarase ás 11.15 horas e, unha vez pasada esta hora, o participante que siga na carreira deberá retirarse do circuito oficial de competición. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola organización, se dispondrá de servizo de duchas e vestiario no Estadio de San Lázaro

As **probas das categorías de menores** (pitufos, prebenxamín-benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) realizaranse a partir das 11.30 horas por un circuíto preto do Estadio de San Lázaro, coas seguintes distancias e intervalos de tempo:

11.30 h - PITUFOS (NENOS E NENAS)		200 m aprox.
11.45 h - PREBENXAMÍN-BENXAMÍN (NENOS E NENAS)		400 m aprox.
12.00 h - ALEVÍN-INFANTIL NENAS	(2 voltas)	1500 m aprox.
12.15 h - ALEVÍN-ÍNFANTIL NENOS	(3 voltas)	2150 m aprox.
12.30 h - CADETE-XUVENIL NENAS	(3 voltas)	2150 m aprox.
12.45 h - CADETE-XUVENIL NENOS	(4 voltas)	2860 m aprox.

3ª CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Santiago de Compostela, 15 maio de 2016



Os horarios das saídas poderanse modificar, a criterio da organización, en función do número de participantes de cada categoría. As categorías de pitufos e prebenxamín-benxamín non son categorías federadas.

06/03/16

2. Control técnico da proba

A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en ruta.

3. Categorías

Proba absoluta:

JÚNIOR/PROMESA: atletas nados entre 1994 e 1998

SÉNIOR: atletas nados entre 1993 e ata 1982

VETERANO A: atletas nados entre 1971 e 1981

VETERANO B: atletas nados entre 1961 e 1970

VETERANO C: atletas nados no 1960 e anteriores

VETERANA A: atletas nadas entre 1966 e 1981

VETERANA B: atletas nadas no 1965 e anteriores

Proba de menores:

PITUFO: atletas nados no ano 2011 e posteriores

PREBENXAMÍN-BENXAMÍN: atletas nados entre 2007 e 2010

ALEVÍN: atletas nados nos anos 2005 e 2006

INFANTIL: atletas nados nos anos 2003 e 2004

CADETE: atletas nados nos anos 2001-2002

XUVENIL: atletas nados entre 1999 e 2000

4. Inscripcións

- a) **Realizaranse a través da páxina web: www.carreirasgalegas.com.** A inscrición estará aberta ata o mércores 11 de maio ás 23.59 horas. Non se aceptarán inscricións fóra do prazo establecido.
- b) **O prezo de inscrición será o seguinte:**
- Categorías de menores (de pitufo a xuvenil): **gratuíta**
 - Categoría de adultos (de júnior/promesa a veterano): **8 €**

5. Entrega de dorsais

A entrega dos dorsais realizarase no punto de información da planta baixa do **Centro Comercial As Cancelas de Santiago**, nos seguintes días e horarios:

- **Venres, 13 de maio, de 17.00 a 20.00 horas**
- **Sábado, 14 de maio, de 11.00 a 20.00 horas**

De xeito excepcional, permitirase a recollida dos dorsais na secretaría da competición situada no Estadio de San Lázaro, entre as 9.00 e as 9.30 horas, para a carreira de adultos e ata as 11.30 horas para as carreiras de menores.

A cronometraxe realizarase mediante un sistema de chip para a proba de adultos e manualmente para as probas de menores.

Os dorsais son persoais e intransferibles e han de ir colocados na parte dianteira do corpo de forma totalmente visible, sen dobreces, e así deberán levarse durante toda a proba. O incumprimento deste artigo poderá ser motivo de descualificación.

6. Premios e agasallos

Todos os participantes que finalicen a proba de adultos e de menores recibirán como agasallo da organización **un libro** e mais o **diploma Camiño das Letras**, para unir a conmemoración do Día das Letras Galegas co simbolismo do Camiño de Santiago.

A **entrega de premios aos gañadores** realizarase arredor das **12.45 horas**, na zona de meta preto do Estadio de San Lázaro. Os premios non serán acumulativos.

Recibirán premio:

- Os 3 primeiros clasificados (en mulleres e homes) da proba absoluta recibirán un trofeo deseñado especialmente para a proba e un lote de libros.
- Os tres primeiros clasificados das categorías de alevín a veterano recibirán un lote de libros.

- Todos os participantes das categorías pitufo, prebenxamín e benxamín recibirán un libro adaptado á súa idade.
- O centro escolar e o club que máis alumnos rematen a proba recibirán un trofeo e un lote de libros.

7. Avituallamentos

Establecerase un punto de avituallamento na metade da carreira, onde se abastecerá de auga aos atletas. Na liña de meta, facilitarase a hidratación dos participantes, coa entrega de auga, bebidas isotónicas, barriñas de chocolate e froita.

8. Servizos médicos

A proba disporá dos servizos médicos regulamentarios, así como de ambulancia.

9. Outros servizos

A organización porá á disposición dos participantes un servizo de gardarroupa na zona de saída que trasladará á zona de meta a roupa deportiva depositada nel, un servizo de duchas no Estadio de San Lázaro e autobuses para facilitar o traslado dos atletas desde o punto de meta á zona de saída.

OS AUTOBUSES PARTIRÁN DESDE O ESTADIO DE SAN LÁZARO CUNHA FRECUENCIA DE 15 MINUTOS A PARTIR DAS 8,55 HORAS EN DIRECCIÓN Á ZONA DE SAÍDA. A DERRADEIRA SAÍDA SERÁ ÁS 9.40 HORAS

10. Reclamacións

Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente ao xuíz árbitro da competición, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de que se publiquen os resultados oficiais.

11. Responsabilidade

O participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba e exime a organización desta responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

12. LOPD

Todos os corredores, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e da súa imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet.

CONSIDERACIÓN DERRADEIRA

Todo o que non se reflicta neste regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF, por esta orde.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.